


MEL'ČUK, Igor (2023): *General Phraseology: Theory and Practice. Lingvisticae Investigationes Supplementa, 36*. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins. ISBN 978-90-2725-465-8, 281 pp.<sup>1</sup>



O monográfico *General Phraseology: Theory and Practice*, escrito por Igor Mel'čuk e publicado en 2023 pola editorial John Benjamins Publication Company, constitúe unha achega fundamental ao eido da fraseoloxía. Mel'čuk, lingüista ruso-canadense de ampla traxectoria, é especialmente coñecido polo seu desenvolvemento do Modelo lingüístico do Sentido-Texto. Nesta obra presenta unha base teórica sólida e rigorosa froito de anos de investigación que aborda o conxunto fraseolóxico das linguas, sistematizando a definición, clasificación e funcionamento das unidades fraseolóxicas desde unha perspectiva formal e detallada.

A obra estrutúrase en once capítulos precedidos por unha introdución e seguidos por unhas conclusións. A estrutura do libro é clara e está coidadosamente dividida en capítulos e subseccións de diferente extensión. Cada un deles inicia cun recadro a modo de índice no que se anticipan os contidos desenvolto nel.

Na introdución, Mel'čuk ofrece unha guía de lectura en forma de preguntas e respostas concisas. Nela, o lingüista explica como se traballa con este monográfico, esbozando algúns aspectos técnicos, e establece o marco teórico, baseado na Teoría do Sentido-Texto e na metodoloxía lexicográfica do dicionario explicativo e combinatorio (*Explanatory Combinatorial Dictionary*). O autor xustifica algúns aspectos e decisións que toma na obra: especialmente, o uso dunha terminoloxía propia, sen chegar a afondar no problema terminolóxico existente; o enfoque exclusivamente síncrono; o uso frecuente de exemplos en ruso e o carácter teórico da súa obra.

O primeiro capítulo comeza detallando o uso do termo *General Phraseology* para referirse á fraseoloxía como disciplina que estuda todas as fraseoloxías particulares das diferentes linguas, diferenciando así esta disciplina, que concibe como unha subdivisión da lexicoloxía, do seu obxecto de estudo. Mel'čuk establece a diferenza entre os frasemas e as expresións libres proporcionando exemplos que demostran o predominio nas linguas dos primeiros. O autor presenta as tarefas que ten que desenvolver a disciplina e defende que a fraseoloxía teórica debe articular un aparello conceptual xeral con definicións formais, rigorosas, concretas e universais, mentres que a fraseoloxía descritiva debe

<sup>1</sup> Tradución do castelán de Diego Rodríguez Vila (CRPIH).

inventariar e describir lexicograficamente os frasemas particulares. Neste capítulo, o propio Mel'čuk define esta monografía, subliñando que proporciona, por unha banda, un sistema dedutivo de nocións para describir todos os frasemas posibles en calquera lingua e, por outra, as indicacións para a descrición lexicográfica de cada tipo deles.

No segundo capítulo defínese o que é un frasema e preséntanse as dúas nocións esenciais, a saber, a selección restrinxida de compoñentes e a composicionalidade, ambas necesarias para a definición e posterior clasificación das unidades. Abórdase a primeira noción cunha descrición simplificada baseándose en dúas preguntas clave: que é un frasema e como se produce, o que facilita a comprensión por parte de quen le. A segunda noción trátase a partir do funcionamento da dependencia semántica, onde Mel'čuk recalca que tanto o significado e o significante dun signo como a súa sintaxe poden non ser composicionais semanticamente. O autor expón unha confusión existente na fraseoloxía, onde se fala indistintamente de composicionalidade semántica e de motivación ou transparencia. Porén, Mel'čuk aclara que a composicionalidade non pode ser parcial. Sobre esta base establece a súa tipoloxía xeral, dedutiva e universal para as linguas, que distingue tres clases de signos lingüísticos complexos: frasemas morféxicos (*Stop*), frasemas lexémicos (*bring up*) e frasemas sintácticos (*Boys are boys*). Mesmo presentando esta clasificación xeral, neste capítulo Mel'čuk explica que a obra se centra na descrición dos frasemas lexémicos, deixando os morféxicos e os sintácticos para os dous últimos capítulos.

No terceiro capítulo, Mel'čuk comeza a descrición da súa tipoloxía de frasemas lexémicos, que continúa ata o noveno capítulo. Delimita claramente a terminoloxía empregada e aclara que chama «frasemas lexémicos» ao que comunmente se coñece como «unidades fraseolóxicas». Estes frasemas divídense segundo a transición na que se presenta a restrición ao falante, isto é, na transición da representación conceptual dunha situación do mundo real á representación semántica (frasemas lexémicos conceptuais, como *Merry Christmas!*) ou na transición da representación semántica á representación sintáctica (frasemas lexémicos semánticos, como *do a favor*). Para cada tipo de frasema, avánzase unha subdivisión segundo a propiedade da composicionalidade, dando lugar a frasemas lexémicos semánticos que son composicionais (colocacións como *heavy accent*) e non-composicionais (locucións como *wet blanket*) e a frasemas lexémicos conceptuais que son composicionais (clixés como *Merry Christmas!*) e non-composicionais (nominemas como *Rolling Stones*). Após esta presentación, Mel'čuk inclúe un esquema que lle permite ao lectorado visualizar a división establecida. Este capítulo pecha coa explicación dos conceptos de cuasilexema, lexema desviado, unilexema e cuasiunilexema, que Mel'čuk engloba baixo os lexemas dexenerados e que lle serán de utilidade ao lectorado, posto que volven a aparecer en capítulos posteriores.

Os seguintes cinco capítulos están dedicados á descrición de cada tipo de frasema lexémico. Os capítulos do catro ao seis expoñen os frasemas lexémicos semánticos. O cuarto é o máis extenso de toda a monografía e aborda a descrición teórica dos frasemas lexémicos semánticos non composicionais, isto é, as locucións. As locucións caracterízanse en base ás nocións de non-composicionalidade, a discontinuidade semántica, o nivel profundo de

análise e a posibilidade de conter compoñentes lexémicos dexenerados. O autor, ante os estudos que falan de locucións con variables lexémicas, non acepta tal concepto, posto que defende que, se as locucións teñen diferenzas no seu significante, xa son dous signos diferentes e non poden ser variables. Perante isto, Mel'čuk propón empregar termos como «locucións sinónimas». Neste capítulo preséntanse tres clases de locucións segundo o grao en que o significado dos compoñentes está incluído no significado da locución, derivando en locucións fortes (*bring up*), semilocucións (*private eye*) e locucións débiles (*start a family*). O capítulo finaliza con algúns aspectos problemáticos das locucións, como a deformación artística, sobre a que Mel'čuk opina que non se debe ter en conta na fraseoloxía teórica. Tamén remata coa descrición lexicográfica das locucións segundo o nivel profundo, a rección, a estrutura sintáctica superficial e as indicacións morfolóxicas e sintácticas.

O quinto capítulo complementa a descrición das locucións e analiza detalladamente tres locucións algo problemáticas en ruso. Para cada unha delas, expón o problema encontrado, o status lexical da locución, a estrutura sintáctica e a descrición lexicográfica. Este capítulo cumpre unha función exemplificadora clave dentro da obra, xa que aplica a teoría desenvolta nunha práctica analítica. Os exemplos están en ruso e, aínda que se presenta unha descrición detallada en inglés, isto pode limitar o alcance do capítulo.

As colocacións, frasesmas lexémicos semánticos composiciónais, abórdanse no sexto capítulo. Enuméranse catro propiedades para a súa definición: a composiciónalidade, a presenza de compoñentes lexémicos complexos, a posibilidade de conteren lexemas dexenerados e de seren sintacticamente discontinuos. As colocacións poden diferenciarse segundo o colocado exprese unha información da base (colocacións con motivación semántica como *crime scene*) ou cumpra unha regra sintáctica sen engadir contido adicional (colocacións con motivación sintáctica como a conxunción subordinada *No sooner ... than*). Por mor do amplo número de colocacións nas linguas, Mel'čuk defende a necesidade de que os dicionarios e gramáticas inclúan información detallada sobre elas e que non se limiten ás definicións individuais de palabras. Ante isto, o autor explica como deben introducirse as colocacións nestes repertorios e que información se debe achegar para cada un dos tipos.

Os capítulos sete e oito están dedicados aos frasesmas lexémicos conceptuais. Segundo Mel'čuk, os nominemas, os frasesmas lexémicos conceptuais non-composiciónais abordados no sétimo capítulo, son máis parte da enciclopedia ca do léxico dunha lingua, polo que non teñen especial interese na lingüística teórica nin na lexicografía. Por iso, só lle dedica unhas poucas páxinas, que enumeran algunhas propiedades destes frasesmas equivalentes a nomes propios (*Rolling Stones*) que designan o que se está dicindo sen proporcionar información relevante, ao non teren significado e non seren semanticamente composiciónais.

O oitavo capítulo recibe maior atención por parte de Mel'čuk. Atopamos unha explicación detallada paso a paso de cada restrición que rexe os clixés, desde a transición da representación conceptual á estrutura semántica, e como se pasa desta última á estrutura sintáctica profunda. Catro tipos de clixés derivan da concreción e da

especificidade do referente de cada clixé: apodos con valor de nome propio (por exemplo, *Crazy Horse*, cun referente concreto e específico), termemas (por exemplo, *Alzheimer's disease*, cuxo referente é concreto e xenérico), formulemas (cun referente abstracto e concreto, como é o caso de *Happy birthday*) e sentencemas (por exemplo, *A cat may look at a King* cun referente abstracto e xenérico). Mel'čuk expón que estes frasemas lexémicos conceptuais, é dicir, nominemas e clixés, non deberían ter unha entrada léxica independente en repertorios lexicográficos impresos, dado que os primeiros teñen máis cabida na enciclopedia e os demais poden ser recollidos baixo a entrada da súa ancoraxe léxica.

No noveno capítulo, Mel'čuk aborda unha nova familia de frasemas, os pragmatemas, que deriva dun terceiro tipo de restrición, a restrición pragmática derivada da situación de uso. O autor aclara que non se trata dunha subclase de frasemas lexémicos, senón dunha categoría transversal. Mel'čuk repasa a interpretación do termo «pragmatema» usado nos seus estudos, que variou desde unha concepción estreita do termo, usado unicamente para formulemas, ata unha máis ampla, que abarca lexemas (*Pull/Push*), locucións (*Hold the line*), colocacións (*Wet paint*) e clixés (*Beware of the dog*), todos eles restrinxidos pragmaticamente. Mel'čuk establece esta clase ben definida grazas a que os pragmatemas, semanticamente, expresan un estado psicolóxico interno da persoa falante e, sintacticamente, funcionan como enunciados completos. Este capítulo non achega información especial sobre a descrición lexicográfica dos pragmatemas. Incide soamente en que os lexemas ou sintagmas que son pragmatemas deben proporcionar a indicación da restrición pragmática e da información prosódica cando o requiran. Con ese capítulo remata a parte dedicada aos frasemas lexémicos.

Os dous últimos capítulos da obra atinxen os frasemas morfémicos e os frasemas sintácticos que, malia non ser os máis estudados, son realmente numerosos nas linguas. O estudo destes tipos de frasemas é menos habitual na literatura especializada, pero o autor demostra a súa relevancia teórica, especialmente do punto de vista dunha gramática formal e universal. O décimo capítulo acomete os frasemas morfémicos que, do mesmo xeito ca os lexémicos, son signos segmentarios. Estúdanse estes frasemas desde un punto de vista tanto diacrónico como sincrónico, mais deféndese en maior medida a descrición diacrónica, especialmente de cara á pedagogía. Canto á súa descrición e caracterización, os frasemas morfémicos son semellantes aos lexémicos debido ás propiedades fraseolóxicas que ambos presentan. Para a súa clasificación establécese a mesma división que para os frasemas lexémicos, segundo o nivel de restrición semántica (*forget*) ou conceptual (*Thanks*) e a subdivisión de cada grupo segundo a composicionalidade dos seus compoñentes. Así mesmo, Mel'čuk defende que estes frasemas morfémicos poden estar restrinxidos pragmaticamente e, en consecuencia, ser pragmatemas (*Stop*).

No derradeiro capítulo, o autor céntrase nos frasemas sintácticos, que, a diferenza dos frasemas lexémicos e dos morfémicos, non son signos segmentarios. Nestes frasemas, a restrición maniféstase a nivel das estruturas sintácticas complexas, como certas construcións fixas ou esquemas argumentais non-composicionais. A modo de exemplo, Mel'čuk menciona a locución sintáctica en inglés *Once a hero, always a hero*, que

segue o esquema «*ONCE [X], ALWAYS L' (X)*». Neste capítulo defínese correctamente o concepto de frasema sintáctico para evitar un problema terminolóxico existente: hai terminoloxías que designan expresións plurilexemáticas con características sintácticas particulares que non representan esta noción de frasema sintáctico. Mel'čuk cínxese a describir as locucións sintácticas, por seren os únicos frasemas deste tipo que se coñecen ata o momento. Presenta a súa descrición de forma detallada, dedicando unha sección a distinguilos doutros tipos de frases ou frasemas. É interesante estudar estas locucións sintácticas desde unha perspectiva teórica e, como apoio, o lingüista presenta unha listaxe non-exhaustiva de locucións sintácticas rusas. O autor incide na noción de lexema ficticio para a descrición destes frasemas, mais non desenvolve un apartado de descrición lexicográfica extenso, xa que se representan da mesma maneira ca as locucións lexémicas. Este tipo de frasemas completa a proposta de Mel'čuk, ao ampliar o concepto de frasema alén do ámbito léxico, amosando que as linguas codifican significados tamén a través de estruturas sintácticas recorrentes con comportamento fraseolóxico. Este capítulo pecha o percorrido teórico do volume e enlaza coas conclusións xerais do autor.

*General Phrasology: Theory and Practice* é o balance de máis de cincuenta anos de traballo e reflexión sobre a fraseoloxía desde unha perspectiva formal. A obra preséntase como o resultado dunha sistematización formal, rigorosa e pioneira do conxunto de conceptos que definen e explican os frasemas na lingua. A proposta de Mel'čuk baséase nun sistema dedutivo que emprega conceptos e nocións tomadas doutros ámbitos e niveis da análise lingüística, como a morfoloxía, a sintaxe ou a semántica.

Un dos maiores acertos do volume é a súa estrutura esquemática e sumamente clara. Cada capítulo inclúe esquemas, recadros, resumos e anticipacións do contido, o que facilita a comprensión dunha teoría densa e técnica. Alén disto, Mel'čuk ofrece explicacións detalladas sobre os signos e convencións tipográficas empregados nas anotacións, o que asegura a coherencia metodolóxica ao longo da obra. Tamén é destacable que Mel'čuk remite constantemente a definicións xa explicadas para establecer vencillos entre os conceptos, ao tempo que fai alusión a outras publicacións propias ou doutras autorías para que o lectorado poida ampliar e contextualizar os coñecementos que aborda en cada apartado. Por outra banda, Mel'čuk amosa unha actitude aberta ao recoñecer que algunhas cuestións poden ser rebatibles ou subxectivas, ao estaren ligadas á percepción da persoa falante. Así e todo, deixa claro que estas diferenciacións non afectan a clasificación que propón, ao se tratar dunha organización xeral válida para todas as linguas.

A pesar do avance que supón esta obra, a súa lectura presenta algunhas dificultades. Por unha banda, trátase dun texto altamente técnico, que presupón que o lectorado estea familiarizado coa terminoloxía e cos principios da Teoría do Sentido-Texto. Estes contidos teóricos avanzados poden resultar moi técnicos para o público non-especializado ou que se inicia no estudo da fraseoloxía. Por outra banda, o uso recorrente de exemplos en ruso, malia que explicados en inglés, pode dificultar a comprensión para quen non domine esoutra lingua, limitando así o alcance da obra.

O valor de *General Phraseology: Theory and Practice* é indiscutible no ámbito da fraseoloxía. Esta é unha obra recomendable para profesionais da fraseoloxía e da

lexicografía, posto que Mel'čuk sistematiza e formaliza un campo marcado por unha terminoloxía heteroxénea. En conclusión, estamos perante unha obra que supón un fito na fraseoloxía teórica. O enfoque dedutivo que se seguiu e mais a proposta de clasificación rigorosa e válida para todas as linguas converte esta obra nun texto de referencia.

Mélody Rodríguez Cebrián  
Centro Universitario de la Defensa de Zaragoza (España)  
ORCID: 0000-0001-7264-2473  
rocebrian@unizar.es